



Co. fin de difundir e promover a creatividade literaria o Departamento de Lingua Galega e Literatura do IES Pedras Rubias convida ao seu alumnado a participar no Concurso de Relato Curto desde o mes de outubro ata o mes de maio, ambos incluídos.

**Bases:**

Primeira: Os relatos deberán estar escritos en lingua galega. o alumnado do centro (1º, 2º, 3º e 4º de ESO).



Poderá participar todo

Segunda: A participación no concurso terá carácter voluntario e implicará a aceptación das presentes bases. O incumprimento dalgunha das bases dará lugar á exclusión do participante.

Terceira: Os relatos presentados deberán ser inéditos e orixinais. Non poderán presentarse traballos que foren premiados anteriormente.

Cuarta: O tema é libre, pero deberán comezar pola oración proporcionada polo profesorado. No mes de outubro os relatos comezarán pola resposta que Florencio Delgado Gurrjarán, autor das Letras Galegas 2022, deu nunha entrevista que lle fixeran non ano 1978: "Os motivos da miña saída son ben claros: os meus patentes sentimentos galeguistas e republicanos, tan cruelmente perseguidos". Os seguintes meses comezarán pola última oración do relato gañador do anterior mes de cada aula.

Quinta: Os relatos terán unha extensión máxima de 150 palabras (incluídas as que compoñen a oración inicial que o profesorado proporcionará e que será o inicio de todos os relatos) en corpo 12 e dobre espazo. Deberá levar título (non contabilizará nas 150 palabras). Enviaranse exclusivamente por correo electrónico ao seguinte enderezo: concursorelatocurto@gmail.com. No asunto figurará o nome e o primeiro apelido do participante. O relato deberá adxuntarse nun documento realizado en Word. Só se poderá presentar un relato por mes.

Sexta: O prazo de admisión de traballos finaliza os 5 días antes de cada mes ás 12 da noite (por exemplo, en outubro o día 26). O xurado estará composto polos membros do departamento de Lingua Galega e Literatura. O fallo do xurado será inapelable e farase público antes do 5 do mes seguinte. Comunicarase polo profesorado correspondente en cada aula e todos os relatos gañadores publicaranse mensualmente na web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iespedrasrubias/>

Sétima: Valorarase a creatividade, a orixinalidade, a calidade literaria, corrección ortográfica e o contido do relato. Os organizadores resérvanse o dereito a eliminar aqueles relatos que promovan a violencia ou discriminación de calquera tipo ou sexan ofensivos.

Oitava: De todos os relatos participantes por aula será seleccionado un cada mes, o que obteña a maior puntuación do xurado.

